



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA – ASPANAEX PARA A REFORMA DUN EDIFICIO PARA USO RESIDENCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA CIDADE DE VIGO.

Con data 11 de marzo de 2020 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, (actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) e a Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra-Aspanaex asinaron un convenio de colaboración para a reforma dun edificio para uso residencial de persoas con discapacidade intelectual na cidade de Vigo.

O obxecto básico da actuación é a rehabilitación e reforma deste edificio para uso residencial en Vigo con 58 prazas para persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra, pois a través deste tipo de actuacións, téntanse acadar solucións efectivas tanto para as persoas afectadas pola discapacidade como para os seus núcleos familiares e o seu entorno social, redundando nunha mellor prestación de servizos a toda a cidadanía.

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo coopera na realización das actuacións mediante a achega da contía máxima de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

Aspanaex solicita unha modificación do convenio para poder executar o orzamento previsto para o ano 2020, expoñendo as dificultades coas que se atopou ao longo do ano 2020 tanto para a adquisición dos materiais precisos para a realización das obras como para a execución material das mesmas ocasionado pola situación vivida neste ano por mor da pandemia do COVID- 19 e a declaración do estado de alarma o que motivou a imposibilidade da realización da totalidade das obras previstas para o ano 2020 antes de que remate o ano.

Con data 11 de decembro de 2020 a Comisión estuda a proposta da asociación e acorda a modificación do primeiro parágrafo da cláusula segunda do convenio (obrigas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) co fin de variar a porcentaxe de financiamento das obras por parte desa consellería para poder colaborar no pagamento





das obras que foron realmente executadas e entende que para tal fin procede a formalización dunha addenda.

De acordo co anterior o primeiro parágrafo da cláusula segunda do convenio asinado o 11 de marzo de 2020 quedaría redactado do seguinte xeito:

“Obrigas da Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo cooperará na execución do proxecto ao que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega do 30% do orzamento que se execute no ano 2020, sen que en ningún caso esta achega supere os CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, para a realización das actuacións que se desenvolverán no ano 2020, de conformidade coa desagregación que se reflicte no orzamento anexo. “

Coa realización destas modificacións no texto do convenio con respecto a redacción inicial non se desvirtúa o proxecto subvencionado, nin supón unha actuación deficiente e cumprese co obxectivo da resolución de concesión, modificándose para poder atender ao financiamento das obras que efectivamente foron realizadas.

En vista do exposto,

ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, (actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) e a Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra- Aspanaex para a reforma dun edificio para uso residencial de persoas con discapacidade intelectual na cidade de Vigo.
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela,
A secretaria Xeral Técnica

Beatriz Cuiña Barja

